

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2024

A familia Murguía-Castro
na Coruña (1894-1964).
Algunhas mostras cidadáns de homenaxe

Margarita Viso Soto

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A familia Murguía-Castro na Coruña (1894-1964). Algunhas mostras cidadáns de homenaxe a Rosalía e a Murguía

PALABRAS CHAVE

Manuel Murguía;
A Coruña

RESUMO

A familia Murguía Castro residiu na Coruña brevemente entre 1871 e 1875, aínda viva Rosalía. Posteriormente, e xa falecida Rosalía, Murguía e os seus fillos residiron na Coruña entre 1894 e 1964, ano no que faleceu Gala, a derradeira representante da estirpe, que foi sempre unha coruñesa máis.

O sentir cidadán polas figuras de Rosalía e de Murguía plasouse en diversas ocasións e en diversos ámbitos. Con todo, A Coruña aínda non saldou a débeda histórica co monumento que a Rosalía lle debe e que, a pesar de nacer con bo pé, nunca se chegou a materializar axeitadamente. A historia do monumento coruñés a Rosalía merece un detido estudo que aínda está pendente.

KEYWORDS

Manuel Murguía;
A Coruña

ABSTRACT

The Murguía Castro family lived in A Coruña briefly between 1871 and 1875, while Rosalía was still alive. After Rosalía passed away, Murguía and their children lived in A Coruña between 1894 and 1964, when Gala, the last representative of the family, died.

The affection of A Coruña for this family was expressed on various occasions. However, A Coruña has not yet paid the historical debt with the monument to Rosalía, but this matter deserves a careful study that is still pending.

Nota: As ilustracións do artigo están ao final do documento, na páx. 194 en diante

A familia Murguía Castro na Coruña (1894-1964)

Ben é certo que o matrimonio Murguía-Castro residiu un breve período na Coruña entre 1871 e 1875. Xa viúvo Murguía, volveu á Coruña no 1894 definitivamente. Canda el viñan todos os seus fillos. Murguía residirá case 30 anos na cidade, ata a súa morte en 1923. Os seus fillos, salvo Ovidio e Aura, vivirán sempre aquí dende esa data. Polo tanto a estirpe Murguía-Castro residiu na Coruña ininterrompidamente 70 anos, dende 1894 ata 1964, ano da morte de Gala, última supervivinte da saga. É deste período do que falaremos.

Aquí, ademais do xa coñecido labor e influencia desenvolvidos por Murguía, a familia deixou moita memoria entre a xente que os tratou. Unha das persoas máis íntimas desta familia foi Juan Naya Pérez. O seu neto Raúl López Naya, depositario da súa memoria, facilitoume moita información e documentación para ilustrar esta amizade que, resumidamente, transcribo a continuación.

Lembranzas de Raúl López Naya do seu avó Juan Naya Pérez e da relación de ambas familias, a partir da información subministrada na entrevista realizada o 24-X-2024

Juan Naya Pérez foi fillo póstumo. Tiña varios irmáns que morreron novos. Enriqueta Pérez, nai de Juan Naya, moi lectora, foi a que empezou a instruílo na lectura. José, irmán de Juan, traballaba na Real Academia Galega baixo a dirección de César Vaamonde Lores. Cando José morre, César Vaamonde pídelle á nai que lle envíe a Juan –que era un neno de 11 anos- no seu lugar. Deste xeito Juan Naya empezou a traballar con César Vaamonde de forma estreita, establecendo unha relación persoal

pola que Vaamonde Lores se convertiu de facto nunha figura paterna para Juan Naya. Vaamonde Lores fora moi amigo e admirador de Murguía e trasmitiulle esta devoción a Naya. Vaamonde Lores era arquivreiro-bibliotecario da Real Academia Galega despois de Galo Salinas por indicación de Murguía. Vaamonde Lores instruiu a Naya na paleografía e este líalle cando Vaamonde perde a vista.

Naya non foi ao fronte durante a guerra por ser o único varón da familia.

Se Naya recibiu de Vaamonde Lores a devoción por Murguía, a devoción por Rosalía recibíuna da súa nai. Enriqueta Pérez, a nai, tiña de vello relación con Alejandra Murguía e, en xeral, con toda a familia Murguía-Castro que residía na Coruña dende 1894, ano no que Murguía veu á Coruña como xefe do Arquivo da Delegación de Facenda.^[1] Juan Naya frecuentábaos coa súa nai e dende neno. Segundo el mesmo di: “Salvo Ovidio, al que por razones obvias no conocimos [Naya naceu no 1914, 14 anos despois da morte de Ovidio], los otros personajes de esta historia [a familia Murguía-Castro] fueron todos tratados por nosotros”^[2]. A relación entre as dúas familias, que era anterior ao nacemento de Juan Naya, continuou ata o falecemento de Gala, a derradeira representante da familia Murguía-Castro. E, en certo modo, aínda despois, xa que Naya foi o encargado de xestionar gran parte do legado dos Murguía-Castro polo desexo expreso de Gala.

Desta relación estreita é proba a foto (● Ilustración 1) na que figura Gala sentada entre membros da familia de Juan Naya: De esquerda a dereita, Enriqueta e Luis, fillos de Naya, Raúl -o neno sentado a carón de Gala Murguía-, fillo de Enriqueta Naya e provedor desta información-, Natalia Castiñeiras –esposa de Naya- e Juan Naya. Na foto pódese apreciar que están sentados no sofá que actualmente se atopa na casa da Matanza de Padrón. Tamén se aprecian o retrato de Rosalía nova, o *Paisaje de invierno en el Sarela* de Ovidio e un retrato de Murguía, entre outros cadros.

Gala casara con Pedro Izquierdo Corral en 1922. Vinte anos despois faleceu o esposo (1942) sobrevivíndolle Gala vinte anos máis. Como Juan Naya era coma un fillo para Gala, o seu marido aprendíalle matemáticas. Tal era a relación entre eles.

Desgrazadamente Pedro Izquierdo Corral, marido de Gala, nalgún momento de estreitura económica seica chegou a malvender obxectos e escritos da familia de forma dispersa para saír dos apuros.

A relación entre as familias Murguía-Castro e Naya-Pérez era moi grande. Enriqueta Naya, por exemplo, lembra como ían coa súa nai e máis con Gala tomaren os baños de Arteixo. Gala estivo na voda de Enriqueta. O seu fillo Raúl lembra perfectamente que, cando voltaron do Uruguai, foi recibilos Gala en compañía dos

[1] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía.” En: Naya Pérez, Juan: Estudios acerca de la familia Murguía-Castro. Deputación Provincial de A Coruña. 1998. P. 40.

[2] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía.” En: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 149.

avós de Raúl. Tamén pequenas anécdotas como a sucedida no Porto en agosto de 1954, onde se atopaban con motivo da inauguración do monumento escultórico a Rosalía Castro. A anécdota é que Gala non quería acudir ao acto. Por qué? Non se atopaba ben peiteada e non quería comparecer así publicamente. Arranxado o peiteado ao seu gosto, solventouse o obstáculo e aceptou presentarse en público.

A Raúl López Naya cónstalle que o seu avó visitaba diariamente a Gala. Esta longa relación de amizade entre as familias, especialmente dilatada no tempo no referente a Juan Naya e Gala Murguía debido á lonxevidade de Gala, ten a constatación imbatible no testamento de Gala que reproducimos de seguido. Raúl López Naya, albacea da súa avoa, coidou que os bens herdados polo seu avó da familia Murguía-Castro non se dispersasen entre os membros da familia Naya-Pérez á morte de Juan. Gracias a iso pasaron á Deputación e, de aí, á Casa da Matanza.

Testamento de Gala Murguía Castro^[3]

“Notaría/ José Roán Tenreiro/Real 79, 1º La Coruña/Número 2226/Fecha 4 Octubre 1950

“En el primer piso de la casa número catorce de la Calle de San Agustín de la ciudad de La Coruña y ante Notario de la misma Ciudad Don José Roán Tenreiro otorgó su testamento abierto Doña Gala Martínez-Murguía Castro, mayor de setenta años, sin profesión especial, natural de la parroquia de Lestrove, Ayuntamiento de Dodro, en esta provincia y vecina de esta población con domicilio en este piso, con arreglo a las siguientes cláusulas:

“PRIMERA: Encomienda su alma a Dios Nuestro Señor, es su deseo que no se vele su cadáver, que se encienda la luz de la habitación donde se encuentre el cadáver de la testadora y se ponga en sus manos una Virgen de la Concepción, de bronce, que tiene a la cabecera de su cama y se le entierre con ella y que su cadáver sea amortajado con la misma sábana que tenga en el lecho, siendo voluntad de la otorgante que en su entierro le acompañen tres sacerdotes, que el féretro sea sencillo y que no se admitan flores ni coronas y que su fallecimiento no sea dado a conocer hasta que esté inhumado su cadáver. A los pobres de la parroquia les deja una limosna, siempre que sobre alguna cantidad de las mil pesetas que deja para atender a lo dispuesto en esta cláusula.

“SEGUNDA: Declara ser hija de los finados consortes Don Manuel y Doña Rosalía y hallarse viuda de Don Pedro Izquierdo Corral, de cuyo matrimonio no le quedó sucesión, pudiendo por tanto, disponer libremente de sus bienes.

“TERCERA: Deja los derechos de propiedad de la obra poética y literaria de su madre Doña Rosalía de Castro, en la siguiente forma: los libros *Follas Novas* y *Cantares Gallegos*, al Patronato Rosalía de Castro, de Santiago, para que con su producto atienda a los fines

[3] Naya Pérez, Juan: “Apéndices”. En Naya Pérez, Juan: Ob. Cit. P. 175-176.

para que fue creado. En caso que este Patronato se extinguiese, pasarán los aludidos derechos a la Real Academia Gallega. El resto de la propiedad de los derechos de todas las obras de la finada madre de la testadora se los deja a la Excma^a Diputación Provincial de La Coruña para atender a niños pobres, huérfanos, hijos de escritores gallegos relevantes.

“CUARTA: Los derechos de propiedad de las obras del padre de la testadora, Don Manuel Murguía *Historia de Galicia y Galicia* (De la colección *España. Sus monumentos y artes. Su naturaleza e historia*), las deja a la Real Academia Gallega, entidad de la que su citado padre fue su primer Presidente. El resto de las obras de su repetido padre, las deja al Ayuntamiento de la Coruña para atención de los niños gallegos enfermos de tuberculosis que el Ayuntamiento pueda atender.

“QUINTA: Deja la sepultura subterránea número treinta y cuatro del cuarto departamento derecha del Cementerio Católico de esta ciudad de La Coruña, en donde reposan los restos del padre de la testadora y de sus hermanos Don Ovidio, Doña Amara y Doña Alejandra y de su esposo Don Pedro Izquierdo Corral, al Excm^o Ayuntamiento de La Coruña. Después de la muerte de la testadora se clausurará dicha sepultura, sin que pueda enterrarse en ella persona alguna, salvo los restos de su hermana Aura y de su esposo Don Francisco Prats, fallecidos ambos en Carmona (Sevilla) en donde reposan sus cadáveres.

“SEXTA: Deja la cantidad de quinientas pesetas para misas por el sufragio del alma de todos sus deudos y de la testadora. Dichas misas se dirán en el altar de la Virgen de los Dolores de la parroquia de San Nicolás y en el del Corazón de Jesús, de la de San Jorge, ambas de esta ciudad, con igual número de misas en cada altar.

“SÉPTIMA: Deja los papeles, libros y demás que fueron propiedad de su finado padre y que pertenecen a la otorgante, y están en esta casa en que habita, a la Real Academia Gallega, pero reservándose Don Juan Naya Pérez, de esta vecindad, aquellos libros, papeles, pergaminos, etc., que le interesen.

“OCTAVA: Deja los demás efectos de su casa, ropas, muebles, cuadros, valores y créditos pendientes, a Doña Enriqueta Pérez Ríos, viuda de Don José Naya Rama, de esta vecindad, por la amistad desinteresada que ésta profesó a la otorgante durante más de cincuenta años; si ésta premuriese a la testadora parará el legado de esta cláusula a su hijo Don Juan Naya Pérez. Se exceptúa de este legado los retratos fotográficos del padre y de la madre de la testadora que se los deja a la Real Academia Gallega.

“NOVENA: Deja la parte de herencia que corresponde a la otorgante por herencia de su hermano político Don Francisco Prats Pérez, consistente en los que pudiera pertenecerle en la división que se haga entre sus sobrinos y ella –únicos herederos- de dos fincas urbanas sitas en la ciudad de Carmona (Sevilla) en las calles Mantanche y Capitán Peralta, respectivamente, cuya parte supone aproximadamente unas once mil pesetas, a Don Pedro Moncholi Goldaracena y Don Juan Naya Pérez, por partes iguales por suponer esta cantidad, la suma de varias que le han facilitado ambos señores en diversas ocasiones.

“DÉCIMA: En el remanente de su haber, si lo hubiese, deja por su único y universal heredero, al citado Don Juan Naya Pérez, o a sus descendientes legítimos en su representación.

“UNDÉCIMA: Deja cumplidor de este testamento a su amigo de siempre, Don Juan Naya Pérez, que le ha prestado de continuo excelentes servicios con toda lealtad y honradez.

“DUODÉCIMA: Prohíbe el inventario e intervención judicial en su herencia y revoca y anula todos los testamentos y más disposiciones testamentarias anteriores.”

Final dos membros da familia Murguía-Castro na Coruña

No cemiterio de Santo Amaro da Coruña están soterrados Manuel Murguía e os fillos del e máis Rosalía, ademáis dos dous xenros. Na cruz situada no encabezamento do túmulo, onde non constan estes últimos, di: “Manuel Murguía 17 mayo 1833-2 febrero 1923 y sus hijos Ovidio y Amara Alejandra Aura y Gala D. E. P.” (12). Esta inscrición sempre me fixo pensar que a única que aí falta é a nai e non podo evitar sentir certa mágoa sabendo que ela está separada da súa familia e viceversa. Sabendo sobre todo que ela está soterrada con toda pompa e honra, si, pero soíña e separada dos seres que máis quixo na vida: a súa familia. Sentimento este meu que non é máis ca iso, un sentimento.

Murguía nacera en Arteixo en lugar de Coruña case por casualidade, xa que era nesta cidade onde vivían os seus pais no 1833 e onde o seu pai exercía de farmacéutico.

“Los padres del patriarca se llamaban Juan Martínez Castro [...] y Concepción Murguía [...]. Hallábase esta en período avanzado de gestación cuando fue al próximo santuario de Pastoriza para dar cumplimiento a una promesa hecha a la Virgen. En el camino le acometieron los dolores del parto, siendo trasladada a la casa de un labriego llamado Antón Pan, amigo de la familia, en el lugar de Froxel, Oseiro, en donde dio a luz. En el mismo santuario de Pastoriza fue bautizado Murguía al día siguiente con los nombres de Manuel Antonio”.^[4]

Como queda dito, Murguía residiu ao longo da súa vida en diversas prazas, vindo no 1894, xa viúvo, cos seus fillos á Coruña, onde queda definitivamente afincado. Antes de el morrer nesta cidade tivo a desgrazada sorte de ver morrer dous fillos: Ovidio e Amara, alén dos outros dous (Adriano e Valentina) que xa non chegaron a adultos.

Ovidio (nado en Lestrobe o 2-VII-1871) regresa moi enfermo de Madrid para intentar repoñerse en Galicia, cousa que desgrazadamente non sucede, privándonos a morte dun pintor de gran talento e sensibilidade. Falece aquí o 1 de xaneiro de 1900.

[4] Naya Pérez: Juan: “Murguía y su obra poética” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 42

Amara (nada na Coruña o 17-VII-1873) falece na Coruña o 20-XII-1921. Ela mesma tivera a premonición da súa morte. Este episodio foi trasmitido por Juan Naya, depositario de moita memoria da familia Murguía-Castro. Relata Naya:

“Doña Amara tenía unas sorprendentes premoniciones. Una de ellas fue la que le confió a nuestra madre, modista que la vestía a ella y sus hermanas, diciéndole que el último vestido que le hizo, cuando ni siquiera estaba enferma, habría de servirle para cuando fuese con los pies por delante. Y así ocurrió. Una noche se acostó y amaneció enferma. Su médico, don José Búa Carou, íntimo de la familia, requerido por ésta, fue a visitarla y apreciando la poca gravedad que tenía le recetó algo apropiado. Cuando su hermana Gala, después de darle una cucharada de la medicina recomendada fue a poco tiempo a verla, ya estaba muerta. Avisado el doctor Búa, médico por otro lado competentísimo, se quedó helado, pues nada parecía indicar el inmediato fin de la enferma. A quien no le sorprendió fue a doña Alejandra, quien manifestó que igual le había ocurrido a su abuela doña Teresa de Castro”.^[5]

Amara faleceu na vivenda familiar situada na rúa San Nicolás nº 14, 1º. Pouco máis dun ano despois (2-II-1923) falecerá o seu pai no mesmo domicilio.

Alejandra (nacida en Santiago 12-V-1859) non se separou nunca da familia.

“Cuando murió Rosalía, Alejandra contaba ventiséis años de edad. Según se nos aseguró por doña Gala su hermana, iba a contraer matrimonio con don Joaquín Arias Sanjurjo, pero como sus hermanos eran todavía de corta edad, pese a que su padre trató de disuadirla, decidió sacrificarse por ellos, quedando soltera.”^[6]

De Alejandra, 9 anos máis vella cá seguinte irmá, é sabido que foi unha fiel transmisora da memoria da súa nai e que, debido entre outras cousas a esa diferenza de idade respecto dos irmáns, desempeñou o seu rol cando ela faltou. Posuidora dunha gran sensibilidade artística, foi a que lle aprendeu as primeiras nocións de música e debuxo a Ovidio. Era eficientísima colaboradora do seu pai. “Tal era la destreza en el arte de la pintura que poseía doña Alejandra, que no sin justificación se le ofreció un puesto de retocadora en el Museo del Prado, con una excelente retribución. Doña Alejandra no aceptó porque no era su padre gustoso.”^[7] Faleceu na Coruña o 23-III-1937.

[5] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 160.

[6] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Ob. cit. P. 150.

[7] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Ob. cit. P. 150.

Aura

Nacida en Santiago o 7-III-1868, casou en Coruña por poder con Francisco Prats Pérez o 30-VIII-1897 saíndo para Yecla (Murcia) o 1 de setembro para reunirse con el. O matrimonio residiu en diversas plazas andaluzas ao longo da súa vida e tiveron dous fillos xemelgos que falecerían aos poucos meses de vida. Aura faleceu en Carmona (Sevilla) en marzo de 1942. Pero Francisco Prats non perdeu a relación coa familia da súa esposa e viña pasar aquí algunha tempada. Foi aquí onde asinaría no 1944 o seu testamento definitivo e falecería en Carmona en 1949. Dez anos despois

“de la muerte del señor Prats habríase de cumplir el deseo manifestado primeramente por su esposa y luego por él, de dormir juntos el postrero sueño en la sepultura familiar del Cementerio de La Coruña, encargándonos, por mandado de doña Gala de los trámites consiguientes. [...] Los restos de ambos esposos que habían llegado en el *Cabo Carvoeiro*, fueron pues, inhumados en la aludida sepultura el día 7 de noviembre de 1959”.^[8]

Gala

A xemelga de Ovidio nacera nas Torres de Lestrobe, Padrón o 2-VII-1871 e morrería na Coruña o 18-I-1964. Foi polo tanto lonxeva, como o propio Murguía, sobrevivindo máis de 20 anos aos seus irmáns. Se todos os fillos de Murguía e Rosalía sentían devoción polos seus pais, a lonxevidade de Gala converteuna na gardesa excepcional e trasmisora da memoria de ambos os dous así como da dos seus irmáns.

Gala viviu na Coruña dende 1894 ata a súa morte en 1964, polo tanto 70 longos anos. A pesar de ser moi nena naquela altura quen esto escribe, garda memoria da concidanía de Gala porque Gala estaba moi presente na vida e no sentir cidadán da Coruña.

Como xa se viu, amizade excepcional con esta familia foi a da familia de Juan Naya quen preservou a súa memoria e pertenzas por merecerlle a total confianza. Naya describe a Gala da seguinte maneira: “Doña Gala fue una señora nobilísima, cariñosa, simpática, alegre siempre pese a las enormes tristezas porque tuvo que pasar y unida a mi familia por más de sesenta años en una amistad jamás quebrantada”.^[9]

Raúl López Naya, neto de Juan Naya Pérez, tratouna tamén sendo neno e lémbraa nididamente. Él foi ademais o continuador do seu avó na garda da memoria e mandatos do seu avó ao respecto da familia Murguía-Castro.

Gala casou con Pedro Izquierdo Corral o 30 de marzo de 1922, aínda en vida de Murguía, e precisamente no santuario de Pastoriza onde fora bautizado o seu pai. Naya trasmítenos unha anécdota de Murguía referida ao casamento de Gala

[8] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Ob. cit. P. 153-4.

[9] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 155.

e transmitido por esta. Parece ser que Murguía sufrira pouco antes da boda unha lesión nunha perna que non lle permitía andar ben e tiveron que transportalo case en volandas ata a igrexa de Pastoriza. O caso é que lle dixo a Andrés Martínez Salazar, que era padriño da voda: “Tiene gracia. Las dos veces que entré en esta iglesia tuvieron que traerme en brazos. Cuando me bautizaron y... ahora que voy a morirme”.^[10]

O esposo de Gala morrería na Coruña o 19-V-1942.

Gala tiña na Coruña “muchacha de relación. A su casa iban a visitarla numerosas gentes de la localidad, de los diversos pueblos de la región y del resto de España y aun extranjeros. Las más nutridas e interesantes eran las de los gallegos emigrados en América, los cuales tuvieron siempre su preferencia”.^[11]

Naya foi mediador, a instancias da filla de Pardo Bazán, do encontro entre as únicas fillas vivas de Rosalía e Pardo Bazán.

“Decía la marquesa [de Cavalcanti, María de las Nieves Quiroga Pardo Bazán] que deseaba que en las postrimerías de la vida de las únicas hijas supérstites de la condesa de Pardo Bazán y de Rosalía, se fundieran éstas en un abrazo de cordialidad, olvidando si había algo que olvidar, las pequeñas cosas que pudieron haber separado a don Manuel Murguía y a doña Emilia Pardo Bazán.”^[12]

O encontro das fillas de Rosalía e Pardo Bazán produciuse o 18 de agosto de 1957 na casa da marquesa e coa presenza de Julio Rodríguez Yordi, Juan Naya e dúas estudosas francesas da obra de Pardo Bazán, Josette Lévy e Nelly Legal (♣ 3).

“Doña Blanca recibió en las escaleras de su palacio a los visitantes [...]. Lloraron las dos señoras, se abrazaron tiernamente y del brazo de doña Blanca fue doña Gala a sentarse al salón en donde estaba preparado un delicioso refrigerio del que todos hicimos gasto. La reunión se prolongó más de dos horas y se hicieron varias fotografías.

Al verano siguiente la marquesa de Cavalcanti hizo una visita muy fugaz a doña Gala para pagarle la que ésta le había hecho y quedaron de verse con más frecuencia. Enfermedades y compromisos impidieron que se reunieran nuevamente [...]”^[13]

[10] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 156.

[11] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 157.

[12] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 157.

[13] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 157.

A vontade de concordia da filla de Emilia Pardo Bazán quedara xa inequivocamente demostrada cando doara a casa da súa nai para sede da Real Academia Galega, a institución que, como é sabido, promovera e presidira ata súa morte Manuel Murguía. Doazón feita coa lexítima condición de albergar tamén o museo dedicado a súa nai.^[14]

Gala, como filla sobrevivinte, era requerida en numerosos actos e homenaxes á memoria da súa nai que tiveron lugar en localidades diversas e aos que sempre acudía gostosa e ben acompañada.

Así por citar algunhas destas viaxes poderíamos mencionar a realizada o 24 de xullo do 1951 con motivo da ofrenda diante do monumento de Rosalía no paseo da Ferradura organizado polo patronato Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e o Centro Galego de Bos Aires. Acto que contaba coa presenza, ou representación, do Alcalde, Comandante Militar, Canciller do Arcebispado, Rector da Universidade e outras entidades, acompañamento da Banda Municipal de Música e poema de Cabanillas escrito para a ocasión e lido polo propio autor.^[15]

Outra ocasión importante foi o desprazamento ao Porto con motivo da inauguración do monumento escultórico a Rosalía nesta cidade portuguesa o 3-VIII-1954.

Así mesmo a inauguración da estatua a Rosalía no Paseo do Espolón de Padrón o 23-IV-1957.

En Madrid, organizado polo Centro Galego desta cidade, conmemorouse o centenario do casamento de Murguía e Rosalía con diversos actos, o 10-X-1958.

En todas estas ocasións Gala estivo presente e recibiu o tributo de afecto e veneración que os espontáneos organizadores e numeroso público congregado rendían a súa nai.

Gala falece o 18-I-1964. Os seus amigos Juan e Natalia imprimen o consabido recordatorio que se reproduce por ser, por si mesmo, moi elocuente. (📌 4)

A axuda cidadá a Gala

Despois da morte do seu marido no 1942, e xa falecidos todos os seus irmáns, a situación económica de Gala é difícil. Descríbea claramente Victoria Armesto que a tratou:

[14] “Protagonizaron a doazón, o 4 de maio de 1956, Blanca Quiroga Pardo Bazán, marquesa viúva de Cavalcanti, que non tiña descendencia, e Manuela Esteban Collantes, condesa de Torre de Cela, e viúva do fillo de Emilia, Jaime Quiroga Pardo Bazán. Tampouco tiña descendencia porque o seu fillo único fora asasinado en Madrid xunto co seu pai durante a Guerra Civil. A única condición posta na doazón foi a de dedicar a primeira planta do edificio a honrar e perpetuar a figura de Emilia Pardo Bazán a través dun museo dedicado á escritora.”
En https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/opinion/2006/03/22/0003_100000090176.htm
(Última consulta, 27-XII-2024)

[15] Poema que, en forma de canción, aparece neste mesmo número de Follas Novas.

“Doña Gala vivía muy modestamente; casi en medio de una hidalga pobreza. Aparte de fieles devotos como Juan Naya [...] se ocupaban de doña Gala pocas gentes: los prohombres de la Real Academia Gallega y, pasándole una pequeña pensión, algunos Centros Gallegos de ultramar, principalmente Buenos Aires y Santiago de Cuba.”^[16]

Hai que decir, na súa honra, que María Victoria e o seu home Felipe axudaban a Gala naquilo que puidera precisar, incluída unha asignación mensual, dada a precaria situación na que vivía.^[17]

Eran estes concidadáns de Gala quen a auxiliaban nas xestións e solicitudes de axudas económicas a diversas institucións. Froito desas xestións obtivéronse algunhas axudas. Manuel Casás Fernández exprésao moi claramente no caso de Juan Naya a quen

“doña Gala le considera un valioso y desinteresado auxiliar para algunos de sus asuntos, actuando como un apoderado de absoluta confianza, y, además de la gestión realizada con las subvenciones que en su favor se han podido conseguir de algunas corporaciones populares [...]”^[18]

Así vese, por exemplo, en 28-XII-1957, cando o Ministro de Educación Nacional, Jesús Rubio, escribelle a Manuel Casás na súa condición de Presidente da Real Academia Galega:

“He estudiado con verdadero interés la forma de ayudar a Doña Gala Murguía, hija de la inmortal poetisa D^a Rosalía de Castro y del insigne escritor D. Manuel Murguía. He hablado con D. Manuel Fraga, Vicepresidente del Centro Gallego en Madrid y hemos encontrado una fórmula que él les detallará y que creo que resuelve el problema”.^[19]

A axuda que chegaba de Cuba debeu ser interceptada ou suprimida polo goberno de Fidel Castro, como se desprende da carta que Gala lle dirixe o 14-IX-1960 (✉ 5):

“Soy, Señor, la única hija superviviente y el último descendiente de la poetisa gallega Rosalía de Castro. El entrañable Centro Gallego de la Habana, en gesto que le honra, ha venido, desde hace algunos años, subviniendo generosamente a mis necesidades, enviándome mensualmente, agradecida ayuda económica que me hace pasar con el

[16] Armesto, Victoria: “Recuerdo vivos de Rosalía”. En: La Voz de Galicia. 28-VII-1985.

[17] Información facilitada por Raúl López Naya.

[18] Casás Fernández, Manuel: “Murguía, interpretado por Juan Naya”. Prólogo a Naya Pérez, Juan: “Murguía y su obra poética.” En: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P.36.

[19] Carta facilitada por Raúl López Naya.

debido decoro los postreros años de mi vida. Cuento en la actualidad ochenta y nueve, cumplidos en el pasado junio, con su obligado cortejo de achaques.

Pues bien, Señor: desde el mes de enero del año en curso, debido a las restricciones necesariamente impuestas, según se me informa, por el Gobierno que vos presidís, tal ayuda ha quedado suspendida [...] Yo me atrevo, Señor, a suplicaros, si ello es posible y no quebranta ninguna ley fundamental del Estado, tengáis a bien disponer se facilite al Centro el modo de que, con la urgencia posible, pueda reanudar el auxilio económico que me venía prestando”.^[20]

En España as xestións pareceron dar mellores froitos. Así, será Manuel Fraga, como director do Instituto de Estudios Políticos quen se dirixa a Gala o 6-III-1961 para comunicarlle que:

“Me es muy grato enviarle copia de la carta que recibo del Ministro de Educación Nacional, D. Jesús Rubio, en la que me comunica la concesión, para este año, de la subvención de 20.000 pesetas que le viene pasando el Ministerio.

Celebrando poderle comunicar esta noticia, queda como siempre a su disposición su buen amigo y paisano, Manuel Fraga Iribarne”.^[21] (p. 6).

Segundo testemuña de Victoria Armesto ^[22] Manuel Fraga, sendo ministro, foi visitar personalmente a Gala, cousa que a Gala lle causou moito agrado.

Gala, en xeral gozou de boa saúde durante a súa longa vida salvo a partir dos 90 anos. O afamado médico

“Don Eduardo Pérez Hervada [...] no sólo tuvo siempre para doña Gala las más expresivas frases de su cálido léxico, sino que asimismo le ofreció gratuitamente sus inapreciables servicios de médico. Justo es que lo dejemos aquí consignado, como igualmente el desprendimiento de otro doctor coruñés, el admirable oftalmólogo don Manuel Sánchez Salorio, otro facultativo que la atendió en sus postreros días”.^[23]

Algúnhas mostras cidadáns de homenaxe a Rosalía e a Murguía na Coruña

A Coral Polifónica *Follas Novas*

É moi chamativo que exista na cidade unha coral polifónica case centenaria que

[20] Carta facilitada por Raúl López Naya.

[21] Carta facilitada por Raúl López Naya.

[22] Armesto, Victoria: Ob. cit.

[23] Naya Pérez, Juan: “El final de una estirpe: Rosalía de Castro y Manuel Murguía” en: Naya Pérez, Juan: Ob. cit. P. 158.

toma o seu nome do poemario de Rosalía. Cando menos é indicativo da influencia da súa obra no pobo coruñés. Ademais, andando o tempo, a Coral tivo relación con Gala como imos ver a partir da información subministrada de forma oral nunha entrevista celebrada o 31-X-2024 con Jesús Massa –secretario- e Fernando Sandino –presidente- de dita coral. Información complementada coa que se recolle no folleto editado pola propia Coral: *Informe histórico 2023*. Resumidamente é o que segue.

No 1930 fúndase a *Sociedad Coral y Recreativa “Follas Novas”* que se refunda como *Coral Polifónica “Follas Novas”* no 1944. Non hai constancia documental dos motivos que levaron aos fundadores a tomar o título do poemario rosaliano para nome da Coral. Tampouco se conserva memoria, na tradición oral desta agrupación, da razón que puido haber para bautizala desta maneira tan emblemática. Polo tanto se non había ningunha razón para exhibir xustificación da denominación era porque non era necesario. Dito doutra maneira, *Follas Novas* era unha denominación coñecida e elocuente por si mesma e non precisaba xustificación. Convén subliñar que na súa orixe e durante varias décadas, a vulgar pola documentación fotográfica conservada, esta coral utilizaba o traxe tradicional galego –tamén tiña parellas de baile- que posteriormente muda por unha imaxe visual de coral polifónica estándar, aínda que sempre teñan prestado atención preferente á música galega como son proba o seu repertorio, os numerosos estrenos de importantes obras de compositores galegos ao longo da dilatada existencia da Coral (como a cantata *Nova Galicia* de Groba, a reposición de *A Espadela* de Farto, ou a estrea de *A Raiña Lupa* de Fernando V. Arias) ou a súa discografía.

Durante a presidencia de Juan Naya Pérez (1950-1967) a coral recibe unha doazón de Gala Murguía de Castro: o seu piano, un espello-consola que tiña na casa da rúa San Agustín, un pisapapeis de acibeche do seu pai, unhas notas manuscritas sobre Ramiro I e o Concilio de Astorga, a derradeira fotografía que lle fixo Portela a súa nai pouco antes de morrer e a fotografía que o pai dedicou ás súas fillas Alejandra, Aura e Gala ao cumprir noventa anos.

No arquivo da Coral gárdase unha fotografía, datada en Madrid en 1959, dos membros da Coral na que aparece no centro Gala entre Jesús González de Velasco (o director musical naqueles anos) coa súa muller, Juan Naya e a súa esposa.

O 30 de marzo de 2016 a Coral celebra asemblea extraordinaria na que se acorda por unanimidade (agás un voto) ceder ao Museo da Matanza de Padrón o piano,^[24] o espello-consola e máis o pisapapeis doados por Gala á Coral.

Unha cata no Arquivo Municipal

A investigación pormenorizada nas actas dos plenos e comisións permanentes do Concello coruñés pode deitar luz sobre a trascendencia na vida cidadá das figuras e

[24] Cóbome a honra de inaugurar este instrumento restaurado no seu emprazamento actual o 1-VII-2016, feito que agradezo a quen me propuxo para tal fin e á Casa-Museo Rosalía de Castro.

obras de Rosalía Castro e Manuel Murguía. Como botón de mostra para o presente traballo fixen unha cata nos difíciles anos da posguerra (1946-1948) adrede, que nos mostra coma aínda nestes tempos de estreitura, había persoas que mantiñan, veneraban e loitaban pola súa memoria. Non se trata máis ca dunha cata na que se apreza como hai temas que merecen unha investigación monográfica como, máis embaixo veremos, é o caso do monumento a Rosalía.

Compra de bens a Gala Murguía no 1947

Na Comisión Permanente do Concello coruñés, presidida polo alcalde Eduardo Ozores Arráiz, e celebrada 15-IV-1947, acórdase, por unanimidade, adquirir a Gala Murguía, pola cantidade de mil catrocentas pesetas, “dos pergaminos de gran interés para la Historia de La Coruña y de Galicia”^[25] facultando ao arquivero-bibliotecario Angel del Castillo para levar a cabo dita adquisición.

O fin último desta compra era, con toda probabilidade, axudar economicamente a Gala. Como fora o caso, só dous meses atrás (11-II-1947), da adquisición de catro cancións inéditas de Baldomir á súa viúva.

Manuel Murguía dá nome a unha bolsa para cursar estudos superiores en 1948

Sendo alcalde da Coruña Alfonso Molina Brandao, acórdase, en sesión extraordinaria do Concello celebrada o 26-I-1948, aprobar en todas as súas partes a seguinte proposición:

“dos becas, dotadas cada una de ellas con la cantidad de cinco mil pesetas anuales, para cursar estudios superiores [...] a las cuales se les denominará ‘Beca Manuel Murguía’ y ‘Beca Eusebio da Guarda’ [...]. El beneficiario podrá cursar estudios en cualquier Universidad o Escuela Superior de España”^[26],

estipulándose a continuación as condicións que deben reunir os aspirantes.

O prestixio indiscutible da figura de Murguía é o que xustifica esta denominación. Gala Murguía agradecerá por escrito ao Concello este xesto.^[27]

[25] Arquivo Municipal da Coruña: Actas da Comisión Permanente. Continúa a acta: “Uno, documento original de Alfonso VII, del diecinueve de agosto de mil ciento diecisiete, confirmando al Monasterio de Caaveiro todos los privilegios y donaciones que tenía, y que al dorso contiene cuatro donaciones particulares del Siglo XII, figurando entre los confirmantes el Arzobispo Don Diego Gelmírez; y el otro, es el traslado de un privilegio de Alfonso IX, del año mil doscientos ocho, concediendo a La Coruña el término de dos leguas de territorio, el fuero de Benavente, etc., traslado que se hizo a la vista del original exhibido por el Abad de Santa María de Sobrado, Fray Rodrigo Nunes, ante el Alcalde y Regidor de la Ciudad, Juan de Andeiro, en el año mil cuatrocientos cincuenta y uno.”

[26] Arquivo Municipal da Coruña: Actas dos Plenos

[27] Acta da Comisión Permanente 2-III-1948. Archivo Municipal.

Algunhas homenaxes materiais a Rosalía e Murguía na Coruña

A memoria de Rosalía e Murguía está repartida por diversos puntos da Coruña integrando a familiar paisaxe urbana dos coruñeses, as súas raíces e a súa bagaxe. Citaremos algúns que nos veñen á mente.

Rúa Rosalía de Castro. (1900) Nesta data dáse nome a unha rúa do Ensanche. (📍 7a e 📍 7b). Que saibamos nunca chegou a mudar de nome.

O Teatro Rosalía Castro (1909)

O orixinalmente denominado Teatro Principal, inaugurado no 1841, pasa a nomearse en 1909 Teatro Rosalía Castro. Nome que non ten sufrido variación desde esa data. (📍 8a e 📍 8b)

Rúa Manuel Murguía (1924)

No 1924, un ano despois de falecer Murguía, apróbase darlle o seu nome a unha nova rúa da cidade, na zona de Riazor (📍 9a e 📍 9b). Penso que nunca tivo outro nome esta rúa.^[28]

Lucernario do Salón de Plenos (1927)

O centro neuráxico do Pazo Municipal de María Pita é, obviamente, o Salón de Plenos, lugar onde estes se celebran. O teito deste magnífico salón é unha vidrieira na que, nos catro costados están inscritos os nomes, e representadas simbolicamente polos instrumentos do seus oficios (armas, lira, pluma, etc.), catro mulleres sobranceiras da cidade. Catro mulleres presiden e “iluminan” os plenos do Concello coruñés: Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e María Pita. Destas catro mulleres sería consecuente pensar que a destinada á cabeceira (enriba da mesa presidencial) había ser a heroína da cidade, María Pita, que dá nome ao propio Pazo e á praza central da Coruña. Sorprendentemente non é así e, precisamente este lugar de máxima honra (“iluminando” a mesa presidencial onde senta a persoa que ostenta a alcaldía), está o nome de Rosalía Castro. (📍 10a e 📍 10b).

Este Salón, co lucernario aludido, foi inaugurado no 1927.

[28] Insisto neste particular porque o Concello Coruñés (coma outros) teñen etapas de mudanza de nomes de rúas que ás veces se poden xustificar e outras son un disparate. Por exemplo na última etapa cambiante, no nome da “memoria histórica”, á rúa que orixinalmente e durante moitos anos se chamou Antonio Lens (irmao do pianista Enrique Lens, Antonio foi o alcalde que entre outras cousas creou a filantrópica Cociña Económica, entidade que por desgraza sempre está funcionando a pleno rendimiento,) e nas postrimerías do franquismo mudara por Cabo Santiago Gómez renomeouse caprichosamente. En lugar de restituir o nome orixinal de ‘Antonio Lens’ ocurriúselles poñer o de ‘Orquesta Sinfónica de Galicia’, institución sostida polo Concello, sen historia suficiente e que nunca tivera rúa. E fíxoo no nome da “memoria histórica”. Parece unha tomadura de pelo.

Retrato de Murguía no Salón Vermello

Catro persoeiros coruñeses están retratados nesta maxestuosa dependencia da planta nobre do Pazo Municipal. Dúas mulleres e dous homes: Emilia Pardo Bazán e María Casares; Manuel Murguía e Wenceslao Fernández Flórez. O retrato de Murguía é obra do pintor Ricardo Camino Calvo, pintor coruñés considerado mestre do retrato que alcanzara premio na Nacional de Belas Artes no 1934. (📍 11).

Busto na Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns

Das primeiras décadas do século XX datan os bustos, atribuídos a Indalecio Díaz Baliño, de diversas personalidades galegas (Pondal, Concepción Arenal, Curros Enríquez, Rosalía) que ata hai pouco achábanse na biblioteca desta histórica institución. Recentemente estes bustos colocáronse no salón principal, á altura da rúa, e é precisamente o de Rosalía o que, en primeiro lugar, recibe a quen entra. (📍 12).

Versos no Xardín de San Carlos (1927)

O que fora o polvorín da cidade acabou convertendo, despois da súa explosión accidental, no romántico Xardín de San Carlos que acolle, coa máxima honra os restos de Sir John Moore, un dos protagonistas da batalla de Elviña contra as tropas de Napoleón. Na muralla existe un miradoiro que se abre a unha bela estampa da baía coruñesa. A ambos os dous costados desta galería atópanse versos alusivos. Á esquerda uns versos ingleses de Charles Wolfe, á dereita uns versos galegos de Rosalía Castro escritos por ela no 1871 en homenaxe a Sir John Moore. Estas inscricións foron mandadas poñer polo alcalde Manuel Casás no 1927.

Na actualidade o Xardín de San Carlos está pechado ao público provisionalmente (os olmos centenarios sucumbiron á grafiose) e non puiden realizar fotografía ilustrativa.

Estatua de Manuel Murguía (1933)

Murguía tivo a ocorrencia de nacer un 17 de maio de 1833, data que logo se convertería en central para a cultura galega grazas a que Rosalía quixo publicar *Cantares gallegos* coincidindo co aniversario do seu marido. A súa longa vida rematou case 90 anos despois, no 1923, como ben se le na sepultura familiar da que xa falamos. Cen anos xustos despois da data do seu nacemento, o Centro Galego de Bos Aires quixo deixar patente a súa homenaxe ao pé do busto que o representa e que loce dende esa data nos Xardíns de Méndez Núñez. (📍 13a e 📍 13b). O monumento fora promovido pola Real Academia Galega e era alcalde Manuel Iglesias Corral.

Placa na casa de Murguía (1983)

A Agrupación Cultural *O Facho* colocaba no 1983 unha placa conmemorativa na casa da rúa San Agustín onde residiran Murguía e os seus fillos ata a morte de Gala, a

última supervivinte. A placa dí: “Aquí viveu e morreu Manuel M Murguía 1833-1923 impulsor do Rexurdimento Nacional de Galicia. Agrupación cultural *O Facho*. 18 maio Día da nosa fala 1983”. A anécdota é que a placa non está exactamente na casa de Murguía, que era o nº 14 de San Nicolás, senón na colindante nº 16 moi arrimada ao nº 14. O conto é que *O Facho*, promotores da idea, tramitaran previamente todos os permisos necesarios para a colocación da placa nesta propiedade privada. Permisos que obtiveron sen problema. Chegado o momento, os donos do edificio mudaran de idea e impediron a colocación da mencionada placa no nº 14, quedando colocada no nº 16, iso sí, ben arrimada ao nº 14 de tal maneira que parece estar entre os dous edificios.^[29] Por certo na finca do nº 14 hai hoxe en día un edificio de construción posterior á morada da histórica familia. (📍 14)

CEIP Manuel Murguía (1983)

Dentro do termo municipal da Coruña, na parroquia de Feáns, áchase o CEIP (Colexio de Ensino Infantil e Primaria) Manuel Murguía que no 2023 celebrou os 40 anos de funcionamento coincidindo co centenario de Murguía. Efeméride que o colexio exteriorizou cun cartaz. (📍 15a e 📍 15b)

Placa na casa de Rosalía e Murguía (1985)

En xullo de 1985, o Concello coruñés coloca unha placa conmemorativa na fachada da casa da rúa Príncipe onde residiron Murguía e Rosalía cos seus fillos, que di: “Nesta casa residiu Rosalía de Castro, o seu esposo e os seus fillos en 1873. O Concello de A Coruña á esgrevia cantora de Galicia, no seu centenario. A Coruña, xullo de 1985”. Nesta época era alcalde Paco Vázquez. (📍 16a e 📍 16b)

As cabezas da Terraza (1985)

Nun emprazamento estrambótico que non facilita a súa visión e aínda menos a súa identificación, áchanse os bustos de diversos próceres da literatura (xornalistas e escritores). Son oito, e están situados enriba da Terraza de Méndez Núñez, catro do costado que dá a Entrexardíns e catro do costado que dá ao Kiosko Alfonso. No grupo destas últimas atopamos a Murguía entre Wenceslao Fernández Flórez e Pérez Lugín. Estas cabezas son obra da escultora Docha López-Rioboo e datan de 1985 (📍 17a e 📍 17b)

CEIP Rosalía Castro (1987)

No termo municipal da Coruña, no barrio do Mallos, áchase o CEIP Rosalía Castro que no 2025 cumpre 38 anos de funcionamento. (📍 18)

[29] Información subministrada por Fernando López Acuña.

A Estatua a Rosalía

A azarosa historia do monumento conmemorativo a Rosalía de Castro merece parágrafo aparte. Penso que esta longa historia está aínda sen estudar xa que, nas pesquisas que realicei para elaborar o presente traballo non din con ningún monográfico. Vaian aquí, polo tanto, só uns apuntamentos como convite a ese estudo.

O 5 de agosto de 1914, nun Pleno Municipal no que se fala da instancia promovida pola Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns, sobre da erección dun monumento a Concepción Arenal, fálase tamén de erixir, nun macizo simétrico do xardín, outro monumento análogo a Rosalía de Castro.^[30]

Doce anos máis tarde, no 1926, Manuel Casás Fernández como alcalde inicia as dilixencias para financiar un monumento a Rosalía de Castro.

Descoñezo datos das dúas décadas que van de 1926 a 1946 pero de seguido imos ver como se puxo en marcha unha suscripción popular a tal fin.

Na aludida cata (1946-48) das actas do Arquivo Municipal aparece esta idea de monumento reconvertida en Biblioteca e, de seguido, en Monumento-Biblioteca. Vexamos.

Na acta da Comisión Permanente correspondente a 3-XII-1946,^[31] presidida polo alcalde Eduardo Ozores Arráiz, lése unha instancia do presidente da Real Academia Galega, Manuel Casás Fernández que paga a pena coñecer:

“Que en el año mil novecientos veintiséis, con ocasión de ejercer el cargo de Alcalde de La Coruña, hemos concebido el propósito de erigir en el Parque de Méndez Núñez un Monumento a la memoria de Rosalía de Castro, nuestro excelso poeta, intérprete fiel del genio lírico del alma de Galicia, monumento que habría de costearse exclusivamente contando con la cooperación de nuestros coterráneos residentes en América, tan identificados con las glorias de su país natal. A este fin iniciamos las adecuadas gestiones por medio de los Centros Gallegos de aquel Continente, y promovida la oportuna suscripción se recibieron algunos donativos. Las circunstancias de todos conocidas de orden histórico y político obligaron a interrumpir tal labor por las dificultades de comunicaciones con nuestros compatriotas y la cantidad aportada no es suficiente para dar efectividad al expresado propósito. A reserva de aprovechar mejor ocasión para ello, nos hemos dedicado, por el momento, a constituir con lo ya recaudado una Biblioteca que ostente el nombre de la autora insigne de *Follas Novas* que ha de custodiar además de sus publicaciones las de otros ilustres escritores que han enaltecido

[30] A partir de: Fernández Caamaño, J. M: “La cara y la cruz del homenaje a dos gallegas. Concepción Arenal y Rosalía de Castro”.

En <https://www.elidealgallego.com/texto-diario/mostrar/2371024/cara-cruz-homenaje-gallegas-concepcion-arenal-rosalia-castro>
(Última consulta 27-XII-2024)

[31] Actas da Comisión Permanente. Arquivo Municipal.

su vida y su obra. La Biblioteca se situará en los Jardines del Parque de Méndez Núñez donde ahora, también por nuestra iniciativa, como Presidente del Instituto de Estudios Gallegos, se instaló otra dedicada a la insigne pensadora, autoridad universal en la Ciencia Penitenciaria, Concepción Arenal. Así creemos honrar a estas esclarecidas gallegas y ofrecer las obras que les han dado merecida celebridad la admiración de sus devotos y a cuantos sientan el anhelo de saturar su espíritu con los sentimientos y enseñanzas de quienes tan alto supieron colocar los prestigios de Galicia y de España, efectuando al propio tiempo, una profunda labor de educación popular. Al objeto que nos proponemos no dudamos en acudir al patriotismo del Concejo que Vd. tan dignamente preside, solicitando autorización para emplazar la Biblioteca Rosalía Castro en dicho Parque, con la cooperación que estime conveniente a fin de dar realidad al proyecto del que es autor el Asesor Artístico del Ayuntamiento Don Rafal Barros Merino quien podrá dar a conocer los datos e informes oportunos. Por lo expuesto a V. S. suplicamos nos dispense el honor de servir de intérprete ante esa Corporación de los deseos que quedan expresados y que seguramente han de compartir sus dignos compañeros los Señores Concejales, un justo tributo de rememoración a quien como Rosalía Castro es la figura culminante de las letras gallegas. La Coruña veinte de Noviembre de mil novecientos cuarenta y seis. M. Casás”

Segue a acta:

“La Comisión Municipal Permanente, acordó por unanimidad acoger con todo cariño y entusiasmo la propuesta del Señor Casás Fernández, y prestar a la misma todo el apoyo moral y material que sea preciso, incluso aportando la ayuda económica que fuese necesaria, y para todo lo que se faculta ampliamente a la Alcaldía-Presidencia.”

Meses despois, o 20-V-1947,^[32] e baixo a presidencia do alcalde Alfonso Molina Brandao, fálase novamente da aprobada Biblioteca Rosalía de Castro:

“La Permanente acordó por unanimidad que por el Asesor Artístico de este Ayuntamiento Don Rafael Barros, se presente el correspondiente proyecto y presupuesto, a fin de poder determinar la forma y cuantía en que el Ayuntamiento habrá de contribuir a la construcción de que se trata”.

En sesión da Comisión Permanente de 9-III-1948^[33] vemos que o proxecto avanza satisfactoriamente:

“Ultimado ya por el Sr. Barros Merino el trabajo encargado, cree esta Alcaldía su deber dar la mayor celeridad posible a la construcción de la referida Biblioteca-Monumento en homenaje a Rosalía Castro. El Presidente de la Real Academia Gallega D. Manuel

[32] Actas da Comisión Permanente. Arquivo Municipal.

[33] Actas da Comisión Permanente. Arquivo Municipal.

Casás, tiene en su poder como recaudación promovida entre los gallegos de América, dieciocho mil pesetas, que fueron recaudadas para este fin. Al anteproyecto presentado por el Sr. Barros, se acompaña una Memoria explicativa del mismo y presupuesto de la antedichas obras, que ascienden cincuenta y tres mil doscientas cincuenta pesetas, aproximadamente, exceptuándose el busto de bronce de la poetisa y su estatua en piedra, así como las vitrinas de la Biblioteca. Por esta Alcaldía fue fijado el emplazamiento de este Monumento-Biblioteca entre los Jardines de Méndez Núñez y la Rosaleda.”^[34]

Era Alfonso Molina alcalde nestas datas.

En 4-V-1948 faise constar, na mesma Comisión Permanente, que o

“Presidente de la Real Academia Gallega [...] participando que la Junta de Gobierno de la misma, acordó agradecer a la Alcaldía y a la Corporación la resolución de erigir en el Parque de Méndez Núñez un Monumento Biblioteca dedicado a la inmortal cantora de nuestra tierra Rosalía de Castro [...]”^[35]

Esto polo referido a esta cata nas actas municipais en torno aos anos 1946-48 sobre o asunto do monumento a Rosalía de Castro. Como se trata dunha cata, só ofrecemos os datos correspondentes a estas datas.

O feito é que ese Monumento Biblioteca nunca se construíu.

Parece que o 14 de outono de 1952 o Pleno Municipal, falando do afirmado da estrada nacional Coruña-Madrid e a súa orixe desde a praza de Catro Camiños, expresa a preocupación sobre a fixación de emprazamento do monumento a Rosalía de Castro considerando a posibilidade de que sexa na referida praza de Catro Camiños.^[36]

No 1954 atopamos un artigo en prensa reivindicando dous monumentos que debería ter a cidade, os dedicados a María Pita e a Rosalía Castro. Polo que se refire a esta, expresa:

“La Coruña no ha llegado a convertir en realidad el pensamiento de unos gallegos en América residentes que enviaron dinero con que encabezar la suscripción para ese homenaje debido a la inconmensurable poetisa que supo encarnar en sus versos el alma de Galicia” ^[37]

[34] Actas da Comisión Permanente. Arquivo Municipal da Coruña.

[35] Actas da Comisión Permanente. Arquivo Municipal da Coruña.

[36] A partir de: Fernández Caamaño, J. M: “La cara y la cruz del homenaje a dos gallegas. Concepción Arenal y Rosalía de Castro”.
En <https://www.elidealgalego.com/texto-diario/mostrar/2371024/cara-cruz-homenaje-gallegas-concepcion-arenal-rosalia-castro>. (Última consulta 27-XII-2024)

[37] Carballo Tenorio, Antonio: “Dos figuras y dos monumentos: María Pita, Rosalía Castro”. *Hoja del lunes* 27-IX-1954.

En 1957 Bugallal Marchesi, no mesmo periódico, escribe con contundencia respecto do tema:

“¿No es llegada la hora de pensar en la deuda –espiritual, con Rosalía, material con los generosos ausentes; de honor en todo caso- que La Coruña tiene contraída?

Seguramente que lo recaudado en aquel tiempo no bastará hoy ni para la erección de un humilde pedestal. Por eso es menester que las personalidades que entonces intervinieron en ello (desconozco, por olvidado, todo antecedente) hagan saber la cantidad actual, las características primitivas del monumento, la posibilidad de reanudar la suscripción, todos sus propósitos, en fin, respecto a una deuda que, por bochornosa, La Coruña tiene que apresurarse a cancelar.”^[38]

Está claro que aqueles cartos enviados polos emigrados desde 30 anos atrás e que non se empregaban no seu fin, era algo que lles proía aos concidadáns.

Non sei que foi dos cartos nin sei como acabou este conto. Ata aquí os datos achados. O tema, como se ve por estes breves apuntamentos, merece un estudo detido.

Hoxe existe unha escultura en pedra e bronce de Rosalía de Castro inaugurada no 1991, pero que non acaba de solucionar a débeda histórica coruñesa dun monumento como é debido a Rosalía de Castro. Máis ben parece unha solución para “arrinconar” o problema. (📍 19a e 📍 19b).

Esta escultura, obra do escultor Manuel Ferreiro Badía, está situada na Praza de Madrid nun axardinado que, en teoría, debería permitir contemplala adecuadamente. Porén e, a pesares do seu considerable tamaño e de transitar por alí miles de persoas e automóviles cada día, pasa desapercibida. Porque non está nun lugar de paseo senón de tráfico rodado no acceso a unha gasoleira, na principal vía de entrada e saída da cidade (Avda. Alfonso Molina). A proba de que está situada nun lugar inadecuado é que resulta “invisible” e que os coruñeses, na súa meirande parte, descoñecen a súa existencia. Faga a proba senón o lector preguntándolle a calquera coruñés.

A Coruña séguelle a deber a Rosalía un monumento en condicións. Desde logo, como primeira medida habería que reubicar esta estatua nun lugar máis axeitado. Non ten sentido que en lugar extremadamente concurrido do Recheo haxa unha estatua de John Lennon, persoa que nada ten que ver con Coruña nin con Galicia (capricho persoal de certo alcalde), e Rosalía estea “marxinada” monumentalmente falando.

Estrela *Rosalía de Castro* (2019)

A *Agrupación Astronómica Coruñesa Ío* foi a promotora da idea de darlle a unha estrela o nome de Rosalía de Castro:

[38] Bugallal Marchesi, José Luis: Galería. Monumento a Rosalía. *Hoja del lunes*. 8-IV-1957.

“Nun acto celebrado o 17 de decembro de 2019 en París a Unión Astronómica Internacional (IAU, polas siglas en inglés) fixo públicos os resultados oficiais das 112 campañas nacionais ‘NameExoWorlds’. Foi esta unha das accións coas que a IAU, fundada en 1919, celebrou o seu centenario, e con ela 780000 persoas en todo o mundo puideron participar no nomeamento de estrelas e exoplanetas. A estrela asignada a España, até aquel momento chamada HD149143, na constelación de Ofiúco, o Serpentario, leva desde entón como nome ‘Rosalía de Castro’. O único exoplaneta descuberto nela polo momento chámase ‘Río Sar’.

Esa foi a proposta que fixo a *Agrupación Astronómica Coruñesa Ío*, que resultou a máis votada con clara diferenza sobre as demais. A campaña en favor da candidatura de Rosalía de Castro non sería posíbel sen o apoio total da Fundación Rosalía de Castro e a Agrupación Cultural *Alexandre Bóveda* da Coruña. E o final feliz non acontecería de non ser polas miles de persoas que apoiaron a nosa proposta e axudaron a difundila.”^[39]

Figueira que simboliza a Rosalía e a súa estrela (2021)

Un fillo da figueira da Casa da Matanza, doado ao Concello da Coruña, foi plantado no Parque de Santa Margarita a carón do edificio auxiliar da Casa das Ciencias pola alcaldesa Inés Rey, para homenaxear non só a Rosalía senón tamén á estrela bautizada co seu nome. Dí a placa conmemorativa:

“Esta figueira é filla da árbore que segundo a tradición, plantou na Casa da Matanza (Padrón) a escritora Rosalía de Castro, figura maior das letras galegas e incansable defensora da igualdade e o amor pola natureza. O ceo e a noite están moi presentes na súa obra e por iso desde decembro de 2019, Rosalía dá nome oficialmente a unha estrela na constelación do *Serpentario*. O Concello da Coruña plantou este exemplar cedido pola Fundación Rosalía de Castro no ano 2021, sendo alcaldesa Inés Rey García”.

A figueira medra satisfactoriamente a día de hoxe. (🌳 20).

Como curiosidade lembremos que neste mesmo parque, cabo da Casa das Ciencias, atópase tamén outra árbore de ilustre liñaxe: unha maceira filla da maceira da que, segundo a tradición, caeu a mazá que inspirou a Newton a teoría da gravitación universal.

[39] <https://agrupacionio.com/gl/estrella-rosaliadecastro/> (Última consulta 23-XII-2024)


ILUSTRACIÓNS



[📍 Ilustración 1] Gala Murguía entre membros da familia de Naya. De esquerda a dereita: Enriqueta e Luis Naya Castiñeiras, Gala Murguía, Raúl López Naya, Natalia Castiñeiras, Juan Naya. (Arquivo de Raúl López Naya).



[📍 2] Sepultura de Murguía e fillos en San Amaro.



[📍 3] Encontro de Gala Murguía Castro e María de la Nieves Quiroga Pardo Bazán que están sentadas no medio. As outras mulleres sentadas son Josette Lévy á esquerda e Nelly Regal á dereita. En pé, detrás Julio Rodríguez Yordi e Juan Naya. (Reproducción a partir da foto que figura en Naya Pérez, Juan, "Album fotográfico". En: Naya Pérez, Juan: *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*. Deputación Provincial de A Coruña. 1998. P. 179.).

[📍 4] Recordatorio do pasamento de Gala. (Arquivo de Raúl López Naya).

La Coruña (España), 14 de septiembre de 1960.

Al Muy Honorable Señor Primer Ministro de Cuba,
 Doctor Fidel Castro Ruz,
 La Habana.

Honorable Señor:

Permítame que distraiga, siquiera por breves momentos, vuestras importantes ocupaciones. Lo que sencillamente voy a exponerle y a suplicarles ponga el remedio, es para mí de suma y trascendental importancia. Es así que me atrevo a dirigirme a vos.

Soy, Señor, la única hija superviviente y el último descendiente de la poetisa gallega Rosalía de Castro. El entrañable Centro Gallego de La Habana, en gesto que le honra, ha venido, desde hace algunos años, subvencionando generosamente a mis necesidades, verificadas mensualmente, a propósito de ayuda económica que me hace pensar con el debido dolor los posteriores años de mi vida. Cuenta en la actualidad con esta y nuevo, cumplidos en el pasado junio, con su obligado cortejo de semestres.

Fues bien, Señor, desde el mes de enero del año en curso, debido a las restricciones necesariamente impuestas, según se me informa, por el Gobierno que vos preside, tal ayuda ha quedado suspendida. A cambio reaviviente del Centro y para cumplir con los requisitos que para este orden de envíos se han dispuesto, he enviado oportunamente certificación de existencia y de veeduría en esta ciudad de La Coruña. Mas nada he sabido desde entonces, pese al tiempo transcurrido desde que fue recibida, que ya es largo.

Indudablemente, Señor, que los trámites deben ser extensos para que el Centro pueda hacer efectivos los envíos mencionados; pero mi situación, sino angustiosa, es difícil al no poder contar con ellos.

Yo me atrevo, Señor, a suplicarles, si ello es posible y no encuentran ninguna ley fundamental del Estado, tengáis a bien disponer se facilite al Centro el modo de que, con la urgencia posible, pueda reanudar el auxilio económico que me venía prestando.

De lo ruego, Señor, con la fundada esperanza de que si ello es factible, accederéis a la súplica de esta anciana que sólo de vos espera el remedio tan apurada.

En espera de merecer vuestra gracia, os anticipa la mayor gratitud y os bendice paternalmente

F/ Gala Murguía de Castro.
 San Agustín, 14-14
 LA CORUÑA. - España.



INSTITUTO DE ESTUDIOS POLITICOS
 EL DIRECTOR

PLAZA DE LA MARINA ESPAÑOLA
 (ANTIGUO PALACIO DEL SENADO)

Madrid, 6 de Marzo de 1961.

Sr. D. GALA MURGUIA DE CASTRO,
 Real Academia Gallega,
 LA CORUÑA.

Mi distinguida amiga:

Me es muy grato enviarle copia de la carta que recibí del Ministro de Educación Nacional, D. Jesús Rubio, en la que se comunica la concesión, para este año, de la subvención de 20.000 pesetas que le viene pasando el Ministerio.

Celebrando poderle comunicar esta noticia, queda como siempre a su disposición su buen amigo y paisano,

Manuel Fraga Iribarne

Manuel Fraga Iribarne.

Arriba á esquerda. [📍 5]
 Carta de Gala Murguía a Fidel Castro. (Arquivo de Raúl López Naya).

Esquerda. [📍 6]
 Carta de Manuel Fraga a Gala Murguía (Arquivo de Raúl López Naya).

Columna dereita. [📍 7a e 📍 7b]
 Rúa Rosalía de Castro na Coruña e placa identificativa.



Arriba.[📍 8a e 📍 8b]
Teatro Rosalía Castro. Fachada posterior e rotulación enriba da taquilla.

Dereita.[📍 9a]
Rúa Manuel Murguía.







Arriba. [📍 9b]
Placa identificativa da rúa Manuel Murguía.

Abaixo. [📍 10a] Vidreira “Rosalía de Castro” do Salón de Plenos do Pazo Municipal.

Dereita. [📍 10b]
Emprazamento, enriba do estrado presidencial, da vidreira co nome e atributos de Rosalía de Castro.





[11]
Retrato de Murguía no Salón Vermello
do Pazo Municipal de María Pita.
Obra de Ricardo Camino Calvo.



[📍 12]
Busto de Rosalía de Castro á entrada da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesáns. Podería ser da autoría de Indalecio Díaz Baliño.



[📍 13a]
Estatua nos xardíns de Méndez Núñez co busto de Manuel Murguía. Obra de Fernando Cortés Bugía.

[📍 13b]
Placa conmemorativa do Centro Galego de Bos Aires ao pé.



[📍 14]
Placa conmemorativa sinalando a que foi residencia de Murguía e os seus fillos moitos anos.



[📍 15a]
CEIP Manuel Murguía.



[📍 15b]
Cartel conmemorativo do centenario de Murguía no CEIP Manuel Murguía.



Esquerda. [📍 16a]

Casa na que viviron Rosalía e Murguía cos seus fillos na Coruña no período 1871-75.

[📍 16b]

Placa conmemorativa.



[📍 17a]

Cabezas de Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Murguía, Pérez Lugín e Julio Camba.



[📍 17b]

Emprezoamento das cabezas.



[📍 17a]
CEIP Rosalía de Castro.



[📍 19a]
Imaxe do emprego da estatua a Rosalía de Castro desde a pasarela peonil.

Arriba á dereita. [📍 19b]
Foto da estatua a Rosalía de Castro realizada con moito zoom.



[📍 20]
Figueira no Parque de Santa Margarita, filla da Figueira de Rosalía, Árbore Senlleira de Galicia. En primeiro termo, a placa conmemorativa.

Publicamos este noveno número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello da Coruña



Concello da Coruña



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO